

CERTIFICADOS POLA FORMACIÓN DE ALUMNOS EN PRÁCTICAS

Desde hai dous anos **CCOO** vén solicitando nas Xerencias das áreas sanitarias que faciliten aos/as traballadores/as os **certificados pola participación na formación práctica** do alumnado procedente de:

- **Graos universitarios.**
- **Formación profesional.**
- **Aspirantes das listas de contratación que solicitan formación nas áreas especiais.**

CCOO solicitou ao SERGAS que **unifique os criterios** para que todas as Xerencias o certifiquen de igual maneira, xa que detectamos que segundo a área sanitaria na que se traballe, facilítanse ou non.

CCOO tamén solicitou que, na **carreira profesional, a docencia práctica se bareme na área IV (compromiso coa organización)** e non na área III (formación e docencia); xa que na área IV é difícil conseguir puntos, sobre todo nalgunhas categorías.

Se tes algunha dúbida ou consulta, acode a túa sección
sindical de CCOO